

PROGRAMACIÓN
DO
DEPARTAMENTO DE
ORIENTACIÓN

CURSO 2021-2022

IES DE MONTERROSO-LUGO

INDICE:

1-XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.....	3
1.1-Marco teórico.....	4
1.2-Marco legal.....	4-6
1.3-Ubicación e contextualización do centro.....	6
1.4-Composición do departamento de orientación.....	9
1.5-Datos xerais do contexto escolar.....	9-10
2-ANÁLISE DE NECESIDADES.....	10-14
3-OBXECTIVOS.....	14-18
4-PLANIFICACIÓN XERAL E ACCIÓNS PRIORITARIAS.....	18
4.1-Ámbito de acción tutorial.....	20-27
4.2-Ámbito de orientación académica e profesional.....	27-30
4.3-Ámbito de apoio o proceso de ensino-aprendizaxe.....	30-34
5-CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AOS PROXECTOS DO CENTRO.....	34
6-ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN.....	37
6.1- Modelo de traballo no Departamento de Orientación para as diferentes modalidades de ensinanza.....	37
6.2-Ensino a distancia: actuacións para a actividade orientadora lectiva non presencial.....	38
6.3-Técnicas de traballo.....	39
6.3-Estratexias de intervención.....	39-40
7-RECURSOS.....	40
7.1-Recursos humanos.....	40
7.2-Recursos materiais.....	40
7.3-Recursos organizativos.....	42
8-TEMPORALIZACIÓN DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS.....	43
9-AVALIACIÓN.....	45-48

1-XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

1.1-Marco teórico.

A concepción actual da orientación foise fraguando a partires de diferentes enfoques e tendencias que proporcionaron unha variedade de formas de concebila, por iso consideramos necesario ter en conta as directrices que axuden a dar resposta ás preguntas de **que, como, cando e para que** da acción orientadora nos centros educativos para axudarnos a situar na relación orientación e sistema educativo.

Deste xeito entendemos a orientación coma unha labor de todo o equipo docente e por extensión de toda a comunidade educativa, sendo o Departamento de Orientación un dinamizador deste proceso.

Segundo ÁLVAREZ, M e BISQUERRA, R. "**ORIENTAR** é educar para a vida, asesorar sobre opcións e alternativas, desenvolver habilidades, proporcionar atención á diversidade"...

Polo tanto os principios que rexen a actuación do Departamento de Orientación son os seguintes:

PLANIFICACIÓN: a orientación non pode ser unha actividade improvisada ou puntual. Debe ser unha actividade planificada en canto a tempos, actuacións, implicados.

PREVENCIÓN: Procuraremos actuar antes de que xurda o problema. A prevención é un concepto comunitario, que pon o énfase no grupo, pretendendo reducir os riscos da totalidade dos membros dun sistema, mellorando as condicións existentes ou previndo posibles problemas.

CURRICULARIDADE: apunta a que a orientación se atope integrada no currículo, nas distintas áreas e nos niveis de concreción curricular, que non sexa unha actividade paralela á actividade educativa.

COOPERACIÓN: Fai referencia á necesidade de cooperación, coordinación e implicación na elaboración e posta en marcha do proceso de orientación por parte dos implicados no mesmo, é dicir, toda a Comunidade Educativa.

SISTEMATICIDADE: Considérase a orientación como un sistema, onde non so se debe centrar no alumno senón tamén nos demais axentes implicados (profesores, pais, centro, contorno, etc).

DESENVOLVEMENTO PERSOAL: trátase de acadar o desenvolvemento integral das persoas, a todos os niveis: afectivo, cognitivo, académico.

INTERVENCIÓN SOCIAL: A orientación non ten que limitarse ao contexto educativo, senón ter en conta tamén o contorno social. Dende esta perspectiva tratará de axudar ao alumnado a tomar conciencia dos obstáculos que se lle presentan no seu contexto e dificultan o logro dos seus obxectivos persoais, para que poida afrontar o cambio necesario de ditos obstáculos.

Estes principios non se basean nun so modelo en exclusiva, senón que apuntan a un modelo de intervención ecléctico, baseado no modelo de programas, no modelo de consulta e só cando as actuacións realizadas non foran suficientes levaranse a cabo actuacións máis específicas e individualizadas baseadas no modeo clínico, de xeito que nós adoptaremos en cada

circunstancia aspectos de un ou doutro modelo en función de que nos permitan acadar os obxectivos propostos.

O modelo de intervención adoptado polo Departamento de Orientación desenvólvese mediante unha organización do sistema de orientación, estruturado en tres niveis:

▪ **Acción Titorial:**

Como primeiro nivel e a través do cal garantímos o dereito de tódolos alumnos e alumnas á orientación (art. 1 da LOE). Será desenvolto por tódolos profesores/as do centro (art. 91 da LOE) coordinados por un profesor/a-titor/a de cada grupo (Orde 1 Agosto/97).

▪ **Departamento de Orientación:**

Servizo interno de orientación nos centros educativos , de carácter especializado e ao servizo da Acción Titorial, composto por: Xefa de Departamento(coa especialidade de Psicoloxía ou Pedagogía), mestra en pedagogía terapéutica, unha profesora de Fol, unha Titora por cada ámbito (lingüístico-social e científico-matemático).

▪ **Equipos de Orientación Específico:**

De carácter provincial, caracterizado pola súa concepción multidisciplinar e especializada.

1.2-Marco legal.

Desde un punto de vista legal, sinalar que a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, regula en toda a súa extensión o sistema educativo, tendo como un dos principios fundamentais a equidade que garante unha igualdade efectiva de oportunidades para todo o alumnado, que proporcione unha educación inclusiva tratando de conseguir que acade o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades individuais e sociais, intelectuais, culturais e emocionais, para o que necesitan recibir unha educación de calidade adaptada as súas necesidades. Esta disposición legal, no relativo a regulación normativa da orientación educativa mantén a maior parte dos contidos que veu a regular a LOE.

No tocante as referencias directas a orientación no articulado, que continúa en vigor da LOE, podemos mencionar entre outras as seguintes:

No **Título Preliminar** contéplase entre os principios que inspiran o sistema educativo español *“A orientación educativa e profesional os estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores”* (art.1.1).

No **Título I “sobre as ensinanzas e a súa ordenación”**, no capítulo III dedicado a etapa de ESO, encontramos como referencia a orientación, no artigo 22 sobre os principios xerais desta etapa o seguinte. *“Na ESO prestarase especial atención a orientación educativa e profesional do alumnado”*. Máis adiante indícase *“O cuarto curso terá carácter orientador tanto para os estudos postobrigatorios como para a incorporación o mundo laboral”* (art. 25.6)

Nos **Principios pedagóxicos** nos que se basa esta etapa, establécese *“Corresponde as Administracións educativas promover as medidas necesarias para que a titoría personal dos alumnos e a orientación educativa, psicopedagóxica e profesional constitúan un elemento fundamental de ordenación nesta etapa”*.

Hai que seguir avanzando ata chegar o **Título III** sobre o profesorado, no capítulo I establece entre as súas función (artigo 91.c) *“A titoría dos alumnos, a orientación e a dirección do seu aprendizaxe, en colaboración coas familias”*

No ámbito da nosa Comunidade Autónoma, apuntar que no Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a Orientación educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 24 de xullo de 1998, o Departamento de Orientación é o garante de que a orientación, como proceso, comeza no momento da escolaridade e remata ó finalizalas ensinanzas non universitarias, forma parte esencial da actividade educativa e é unha vía permanente de asesoramento ó profesorado, ó alumnado e ás familias. A orientación é inseparable do conxunto da acción educativa polo que compete a todo ó profesorado e desenvólvese fundamentalmente a través da acción titorial. Trátase dun proceso global que integra aspectos relativos o desenvolvemento persoal, os procesos de ensino aprendizaxe, e a toma de decisións.

A actividade orientadora ten por obxecto contribuír á **formación integral** do alumnado, coa finalidade de capacitalo para unha aprendizaxe autónoma e unha participación activa, crítica e transformadora da sociedade ao longo de toda a súa vida, para que poidan formular libre e responsablemente a súa decisión personal.

Ademais, sinalar que o deseño desta programación segue a estrutura establecida no artigo 15 da Orde do 24 de xullo de 1998:

- a) Xustificación baseada no contexto
- b) Obxectivos
- c) Planificación xeral e definición de accións prioritarias
- d) Estratexias de intervención
- e) Criterios de avaliación do plan

Para a súa adecuada elaboración é imprescindible revisar as NOF, a P.X.A. e o P.E., porque son os documentos que reflicten a realidade actualizada do noso centro. Así como porque este plan, é a concreción do Plan de acción titorial, Plan de orientación académica e profesional e do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que se inclúen no P.E.

Atendendo a situación actual debemos engadir as referencias legais anteriores, as publicadas en materia de crise sanitaria, concretamente no ámbito da nosa Comunidade Autónoma podemos citar as seguintes para o presente curso escolar.

- A orde comunicada da ministra de sanidade, de 4 de xuño de 2021, mediante a que se aproba, en coordinación coa conferencia sectorial de educación, a declaración de actuacións coordinadas en saúde Pública fronte á Covid-19 para centros educativos durante o curso 2021-2022.
- Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/2022, establece as medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse no inicio do desenvolvemento do curso escolar tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as súas familias, co obxectivo

de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19. (Versión 6 / 07 /2021).

- Resolución do 10 de setembro do 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a adopción de medidas organizativas nos centros educativos como consecuencia da pandemia da Covid-19.
- As Instrucións do 17 de xuño do 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2021/2022, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, que concretamente no punto 5, establece o seguinte para os Servizos de orientación:
 - Os Departamentos de Orientación reforzaran as actuacións dirixidas a identificación das necesidades educativas ocasionadas pola situación de pandemia en coordinación coas persoas titoras, as medidas e programas para a atención das mesmas así como as accións dirixidas ao coidado do benestar da comunidade educativa. Estas medidas e accións concretaranse no Plan de orientación académica e profesional, Plan de acción tutorial, concreción anual do Plan Xeral de Atención a Diversidade e na PXA.
 - Proporcionarán asesoramento pedagóxico aos docentes para axustar a súa práctica educativa telemática na atención á diversidade así como adaptar a súa propia función de orientación a situación do momento..

1.3-Ubicación e contextualización do centro.

1.3.1- Situación xeográfica.

O I.E.S de Monterroso está situado no núcleo poblacional de Monterroso, no municipio do mesmo nome, dentro da comarca da Ulloa.

Xeográficamente, Monterroso limita ó norte cos concellos de Guntín e Palas de Rei; ó oeste con Palas de Rei e Antas de Ulla; ó este con Portomarín, Taboada e Guntín, e o sur con Taboada e Antas de Ulla.

A extensión do concello de Monterroso é de 114, 6 Km² e sitúase no Suroeste da provincia de Lugo. A súa situación dentro da Comunidade Autónoma de Galicia é privilexiada, situándose practicamente no centro desta.

Topograficamente, cabe dicir que Monterroso é pouco accidentado, relativamente aplanado; aínda nos límites co Norte e co Oeste aparecen elevacións; e tamén no Este, onde se encontra o monte Castelo de Vilameñe, con 800 metros de altitude.

Entre as características hidrográficas do Concello de Monterroso cabe destacar fundamentalmente o Río Ulla, que cruza o Concello de sureste a noroeste, formando unha fronteira natural entre os concellos de Monterroso e de Antas de Ulla. O conxunto dos tres concellos recibe o nome da Comarca da Ulloa.

Pola procedencia físico xeográfica do noso alumnado, podemos sinalar que o noso instituto é un dos ámbitos prioritarios de socialización entre iguais, é dicir, son as horas de permanencia

no centro onde un alto porcentaxe do noso alumnado ten a oportunidade de contar co apoio social dos iguais e volcar a súas intimidades.

1.3.2 Poboación:

É unha comarca eminentemente rural, aínda que cada vez faise máis apreciable o proceso de concentración urbana propio destes tempos. O concello de Monterroso ten un total de 4529 habitantes. O núcleo urbano de , Monterroso, con 1774 h, constitúe o 37,9% da poboación total, en comparación co 22 núcleos rurais con menos de 100 h. que representan só o 31,1%. Nos últimos anos o concello sufriu unha perda de poboación debido ó envellecemento poboacional, a regresión do sector primario...

O nivel socio-cultural dun alto porcentaxe das familias do noso alumnado é baixo, polo que resulta fundamental a intervención na potenciación e construción de valores de respecto, igualdade... e normas de convivencia.

1.3.3 Realidade socioeconómica

Desde o punto de vista socioeconómico o concello de Monterroso caracterízase por un elevado peso do sector primario, aínda que algunhas familias do núcleo urbano adócese ó sector servizos. Tamén hay pequenas industrias, que representan o 15% da actividade económica.

No tocante o sector servizos podemos destacar.

- Un centro de educación infantil e primaria e un Instituto de Educación Secundaria.
- Centros municipais: biblioteca municipal, escola infantil, auditorio municipal “Cúpula”, Biblioteca Pública “Lorenzo Varela”, Centro sociocultural
- Un centro de acollida de menores e un centro de día (para persoas maiores de 60 anos que teñan limitada a súa autonomía).
- Servizos sanitarios, hai un centro de saúde
- No ámbito deportivo contamos con parques infantís, pista “Da Petanca”, campo de fútbol, piscinas, e varias áreas recreativas.
- Servizos varios: Casa Consistorial, Escola de Música, Xuzgado de Paz, Garda Civil, Servizo de extensión agraria.
- Tamén hai un parque empresarial e un centro penitenciario.

1.3.4- Características do centro

O I.E.S de Monterroso, está ubicado no núcleo urbano da vila de Monterroso (Lugo). É un centro público dependente da Consellería de Educación y Ordenación Universitaria de la “Xunta de Galicia”.

Oferta educativa.

Actualmente, no centro impártense as seguintes ensinanzas:

E N S I N A N Z A S	Educación Secundaria Obligatoria			Primeiro	
				Segundo	
				Terceiro	
				Cuarto	
	Educación Secundaria non Obligatoria	Bacharelato	Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais	Modalidade de Humanidades	Primeiro e segundo
				Modalidade de Ciencias Sociais.	
		Modalidade de Ciencias			
		Formación Profesional	Formación Profesional Básica “Informática de oficina”		
					Segundo
			Ciclo Formativo de Grao Medio “ Sistemas Microinformáticos e de Redes”		Primeiro
		Segundo			

No centro escolarízanse un total de 184 alumnos/-as. A maior parte deles acuden ó centro procedentes dos centros de primaria adscritos o noso IES, estes centros son:

- C.E.I.P. de Monterroso.
- C.E.I.P. de Antas de Ulla

Organización de espazos e instalacións:

A distribución dos espazos no interior do edificio distribúese nas seguintes prantas:

- **Pranta Baixa:** Servizo de administración, despacho de secretario, vicedirección, dirección, sala para a reunión dos titores coas familias, servizo de conserxería, salón de actos, servizo de cafetería, sala de profesores, laboratorios, aula de apoio e aulas materias de ciencias, matemáticas e tecnoloxía.
- **Pranta sótano:** Biblioteca, aula de informática e aula de tecnoloxía.
- **Pranta primeira:** despacho de xefatura de estudos, aula de convivencia, sala de Xuntas, departamento de orientación, aula de reunión de delegados e aulas materias de plástica, linguas e ciencias sociais
- **Pranta segunda:** aula de titoría, aula de música, aula Tics, aulas Abalar, aulas materias de economía, artes, filosofía, física...

O centro ata este curso estivo organizado en aulas materias e conta con taquillas para o alumnado.

Servicios complementarios: O centro conta con servizo de transporte escolar.

Organización e xestión do centro.

En síntesis, enumeramos de maneira esquemática os distintos órganos e comisión de funcionamento do centro:

↳ Órganos de goberno.

Órganos unipersoais.

- Director/a.
- Vicedirector/a.
- Xefe/a de Estudos.
- Secretario/a.

Órganos colexiados.

- Consello escolar.
- Claustro de profesores/as. Formado por un total de 38 profesores/-as.

↳ Órganos de Coordinación docente:

1- Departamentos:

- Departamentos didácticos.
- Departamento de actividades complementarias e extraescolares.
- Departamento de orientación

2- Outros órganos

- Comisión de coordinación pedagógica.
- Coordinador de formación en centros de trabajo.
- Equipo de dinamización lingüística.

↳ Organización do alumnado.

- Xunta de delegados.

↳ Comisións

- Comisión económica.
- Comisión de convivencia / Observatorio de convivencia.

↳ Personal non docente.

- Unha administrativa.
- Dous conserxes.
- Unha cuidadora.
- Persona responsable do servizo de cafetería.
- Tres persoas encargadas do servizo de limpeza.

1.4- Composición do departamento de orientación.

FUNCIÓNS	MEMBROS
Xefatura de Departamento de Orientación	D ^a Rocío Calvo Osorio
Profesora de Pedagogía Terapéutica	D ^a Eva González Rodríguez
Titora ámbito socio-lingüístico	D ^a María José Agra Villar
Titora de ámbito científico-tecnolóxico	D ^o Adrián González García
Profesora de FOL	D ^a Estefanía Novas Braña.

1.5-Datos xerais do contexto escolar

Os datos relativos a oferta educativa do centro, a situación físico-xeográfica e socio-cultural do entorno son as mesmas que a de cursos anteriores. Datos específicos do centro para o curso 2021-2022.

E.S.O					E.S.P					
GRUPOS	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1ºBAC	2ºBAC	CFGM		FPB	
							1º	2º	1º	2º
A	14	25	15	22	22	26	8	4	9	8
B	13		16			0				
Repetidores	0	2	0	0	1	2	1	0	0	
Total curso	27	25*	31*	22	22	26	12		17	
Total	105 (ESO)				48 (BAC)		12		17	
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE										
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Exención de francés. Reforzo educativo nas materias lingüísticas. ▪ Programa de mellora do aprendizaxe e o rendemento. <ul style="list-style-type: none"> - PMAR de 2º ESO de dous anos de duración. - PMAR de 3º ESO dun ano de duración. ▪ Apoio da profesora de pedagogía terapéutica dentro e fóra da aula. 										
Profesorado especialista en pedagogía terapéutica	1 mestra especialista en pedagogía terapéutica.									

*Incluído o alumnado que se incorporou ao PMAR

2-ANÁLISE DE NECESIDADES

A crise sanitaria que estamos vivindo ocasionada pola COVID-19 obrigou a adoptar medidas hixiénico-sanitarias e organizativas excepcionais para o curso 2020-2021, co obxecto de compatibilizar o dereito fundamental á educación co inseparable dereito á saúde, individual e colectiva.

A educación considérase unha actividade esencial e un dereito da infancia e a adolescencia a protexer. A valoración da situación sanitaria na data actual, fai necesario continuar adoptando medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde fronte a COVID-19 para o curso 2021-2022 que posibiliten preservar o centro educativo aberto polo seu impacto na saúde, no benestar emocional, coa flexibilidade necesaria en función do escenario epidemiolóxico.

A continuación, establecemos algunhas necesidades previsibles que se contemplan como punto de partida na elaboración desta programación.

Os instrumentos utilizados para a detección de necesidades son as actas do Departamento de Orientación, memoria do curso anterior, expedientes académicos, informes individualizados, necesidades derivadas do escenario epidemiolóxico para a adaptación da actividade orientadora a situación de cada momento: situación presencial e para unha situación non presencial.

A-Necesidades observadas:

<p>Relativas ó Departamento de Orientación</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Colaboración co Equipo COVID na identificación de necesidades de protección e hixiene que o alumnado con necesidades educativas especiais precisa para a súa atención. ▪ Contribución de propostas por parte do Departamento de Orientación para a elaboración da P.X.A. ▪ Continuación coa mellora no mantemento dos cursos creados na aula virtual do centro para dar continuidade a actividade educativa e orientadora no momento de escenarios virtuais por parte do profesorado e o alumnado. O Departamento de Orientación continúa mantendo os cursos creados na aula virtual, un curso para os/as titores/-as e outro para o alumnado. Facilitación ao inspector do centro da clave para o acceso ao cursos. ▪ Establecemento de mecanismos e canles de comunicación e coordinación co profesorado titor, profesora de P.T e membros do Departamento de Orientación para o desenvolvemento da actividade orientadora tanto para un escenario presencial e virtual. ▪ Continuación co aproveitamento didáctico das aulas virtuais e doutras ferramentas institucionais por parte dos membros do Departamento de Orientación mediante a asistencia a actividades formativas organizadas polo servizo de formación do profesorado da Consellería en relación con esta temática. Os membros deste departamento contamos cunha formación básica no emprego de ferramentas para a educación a distancia e online. ▪ Establecemento de contactos comunicativos co Equipo de Orientación Específico na atención ao alumnado con necesidades educativas ou con vulnerabilidade, no coidado do benestar e na atención ás familias. ▪ Adquisición de material psicopedagóxico e de apoio para o departamento en función das necesidades detectadas no presente curso. ▪ Continuación coa elaboración de materiais para os cursos da aula virtual, dixitalización do maior número de documentos e actualización do banco de datos do Departamento de Orientación.
<p>Relativas ó centro</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Participación activa no desenvolvemento da documentación do centro, en relación coas competencias do D.O. ▪ Colaboración co equipo directivo na modificación do Plan de Adaptación a situación COVID-19, concretamente nos seguintes apartados: <ul style="list-style-type: none"> - Normas específicas para o alumnado con NEE, no seu punto 24, relativo a normas específicas para alumnado con NEE, concretamente no punto 24.5 establece: “O Departamento de Orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención”. ▪ Colaboración co Equipo Directivo a comezos de curso no deseño e desenvolvemento de actuacións encamiñadas a facilitar ao alumnado a incorporación ao centro,

	<p>especialmente o de nova incorporación, no s seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Normas de organización, funcionamento e convivencia. - Medidas de prevención, hixiene e protección. - Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o desenvolvemento na modalidade de ensinanza presencial ou, no seu caso, non presencial. <ul style="list-style-type: none"> ▪ Establecemento de medidas e actuacións en coordinación co profesorado titor para a identificación das necesidades educativas ocasionadas pola situación da pandemia, enmarcadas no Plan Xeral de Atención á Diversidade. ▪ Establecemento de medidas e actuacións dirixidas ao coidado do benestar da comunidade educativa, enmarcadas no Plan de Acción Titorial. ▪ Establecemento de medidas e actuacións dirixidas a que o alumnado poida identificar as súas potencialidades e fortalezas para favorecer o proceso de toma de decisións tanto vocacionais como con outras situacións da vida cotiá, enmarcadas no Plan de Orientación Académico e Profesional. ▪ Asesoramento pedagóxico ao profesorado para o axuste da actividade educativa e orientadora nos diferentes escenarios presencial e virtual, para todo o alumnado e de maneira máis específica, para o alumnado con dificultades emocionais e para o que presenta necesidades específicas de apoio educativo. ▪ Participación activa nas diferentes actividades, conmemoracións e efemérides que se desenvolvan no centro educativo.
<p>Relativas alumnado</p> <p>ó</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Acollida e integración progresiva ao centro e a aula velando que a incorporación se realice nun clima de calma e seguridade, para minimizar as dificultades de adaptación mediante o desenvolvemento de actividades que respeten as medidas que o COVID-19 nos impón. ▪ Creación nos grupos dunha rede de compañeiros/-as para a realización de accións de titorización afectiva entre iguais, para colaborar co profesorado nunhas relacións de convivencia máis saudables entre os compañeiros/-as, que por diversas circunstancias están pasando por momentos difíciles se sinta acompañado e acollido. ▪ Desenvolvemento de valores que fomenten o respecto pola diferenza, a empatía emocional, a prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios, tanto nun entorno real como virtual. ▪ Adquisición e desenvolvemento de competencias emocionais entendidas como competencias para a vida, para dar resposta ao impacto emocional derivado das consecuencias do COVID 19 e do propio confinamento. ▪ Educación e promoción da saúde. Fomento de hábitos de vida activa e saudable e da construción dunhas relacións saudables en escenarios virtuais (redes sociais, ...). ▪ Mellora da inclusión do alumnado máis vulnerable e alumnado que presenten desaxustes

	<p>emocionais.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Aprendizaxe de técnicas de traballo intelectual. Xestión do tempo, técnicas de estudo, organización da información, planificación e execución do traballo. ▪ Orientación Académica e Profesional, poñendo especial atención nas modificacións introducidas coa entrada en vigor da Lei orgánica 3/2020 do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOMLOE), concretamente no relacionado coa organización dos cursos 1º ESO, 3º ESO, 1º BAC e 1º FPB que se implantarán no curso 2022 /2023. ▪ Apoio psicopedagóxico e seguemento individualizado en colaboración co profesorado titor na resposta as seguintes casuísticas: alumnado con brechas de acceso a conexión e dispositivos tecnolóxicos, necesidade de apoio emocional derivada da situación da pandemia.
Relativas ó profesorado	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Dinamización da acción titorial, a través das reunións quincenais establecidas pola X.E, seguemento e apoio documental da mesma a través das reunións puntuais que se poidan establecer cos/coas titores/-as. ▪ Establemento de mecanismos de comunicación e coordinación co profesorado titor e cos membros do Departamento de Orientación para dar continuidade a actividade orientadora ante a posible suspensión da actividade lectiva presencial. ▪ Asesoramento no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade. ▪ Favorecer a coordinación do profesorado e a profesora de apoio para a atención do alumnado con necesidades educativas. ▪ Favorecer no profesorado un maior coñecemento do seu grupo de alumnos para que as intervencións e seguementos sexan o máis individualizados posibles. ▪ Asesoramento psicopedagóxico en relación as modificacións introducidas coa entrada en vigor da Lei orgánica 3/2020 do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOMLOE). Ao comenzo do curso 2021-2022 implantaranse as modificacións na. <ul style="list-style-type: none"> - Avaliación. - Promoción. - Condicións de titulación. - Condicións de acceso as distintas ensinanzas. - Titulación das ensinanzas profesionais de música e danza.
Relativas ás familias	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Establecemento de canles de comunicación coas familias para o desenvolvemento das seguintes actuacións: <ul style="list-style-type: none"> - Detección das necesidades do entorno familiar e amosar unha actitude de acompañamento. - Orientación e asesoramento sobre aspectos concretos que están interferindo no

		<p>desenvolvemento académico e socioafectivo (organización das tarefas escolares, no relacionado co coidado e o benestar emocional...).</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Acompañamento nas distintas casuísticas que sucederán ou poideron estar sucedendo desde unha actitude de cercanía e respecto. ▪ Orientación e asesoramento as familias sobre as necesidades e posibilidades académicas dos seus/súas fillos/-as. ▪ Difusión na páxina web do centro de recursos e materiais relacionados cos diferentes programas.
Relativas ó contorno		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Establecementos de mecanismos de comunicación fluídos coas institucións do entorno. (Servizos Sociais, Servizos Sanitarios, Centro de Información á Muller de Palas, asociacións...). Reunións mensuais para levar a cabo intervencións máis sistemáticas. ▪ Contacto con outras ofertas formativas do contorno e darlles a coñecer ao noso alumnado. ▪ CENTROS ADSCRITOS <ul style="list-style-type: none"> – Intercambio de información do alumnado de nova incorporación ao IES – Planificación de actividades informativas e de tránsito entre etapas.

B.- Outras necesidades. Ao longo do curso os diferentes membros da Comunidade educativa manifestaran e demandaran novas necesidades xurdidas, para as que o DO está disposto a analizar e atender, dependendo da súa importancia para a mellora da formación do alumnado e da calidade educativa.

3-OBXECTIVOS

3.1-Obxectivos xerais:

- Contribuir a personalización da educación e axustar a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado do noso centro a través das oportunas adaptacións do currículo.
- Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia personalidade, identidade e sistema de valores. Previr as dificultades de aprendizaxe, non só asistilas cando se presenten, anticipándose a elas e evitando, na medida do posible, os fenómenos indesexables de abandono, fracaso ou inadaptación escolar.
- Previr as dificultades de aprendizaxe, non só asistilas cando se presenten, anticipándose a elas e evitando, na medida do posible, os fenómenos indesexables de abandono, fracaso ou inadaptación escolar.
- Potenciar a apertura do centro a comunidade educativa.

3.2-Obxectivos específicos.

Relativas ó Departamento de Orientación		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Colaborar co Equipo COVID na identificación de necesidades de protección e hixiene que o alumnado con necesidades educativas especiais precisa para a súa atención. ▪ Contribución de propostas por parte do Departamento de Orientación para a elaboración da P.X.A.
---	--	--

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Continuación coa mellora no mantemento dos cursos creados na aula virtual do centro para dar continuidade a actividade educativa e orientadora no momento de escenarios virtuais por parte do profesorado e o alumnado. O Departamento de Orientación continúa mantendo os cursos creados na aula virtual, un curso para os/as titores/-as e outro para o alumnado. Facilitación ao inspector do centro da clave para o acceso ao cursos. ▪ Establecer mecanismos e canles de comunicación e coordinación co profesorado titor, profesora de P.T e membros do Departamento de Orientación para o desenvolvemento da actividade orientadora tanto para un escenario presencial e virtual. ▪ Continuar co aproveitamento didáctico das aulas virtuais e doutras ferramentas institucionais por parte dos membros do Departamento de Orientación mediante a asistencia a actividades formativas organizadas polo servizo de formación do profesorado da Consellería en relación con esta temática. Os membros deste departamento contamos cunha formación básica no emprego de ferramentas para a educación a distancia e online. ▪ Establecer contactos comunicativos co Equipo de Orientación Específico na atención ao alumnado con necesidades educativas ou con vulnerabilidade, no coidado do benestar e na atención ás familias. ▪ Adquirir material psicopedagóxico e de apoio para o departamento en función das necesidades detectadas no presente curso. ▪ Continuar coa elaboración de materiais para os cursos da aula virtual, dixitalización do maior número de documentos e actualización do banco de datos do Departamento de Orientación.
<p>Relativas ó centro</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Participar activamente no desenvolvemento da documentación do centro, en relación coas competencias do D.O. ▪ Colaborar co equipo directivo na elaboración do Plan de Adaptación a situación COVID-19, concretamente nos seguintes apartados: <ul style="list-style-type: none"> - Normas específicas para o alumnado con NEE, no seu punto 24, relativo a normas específicas para alumnado con NEE, concretamente no punto 24.5 establece: “O Departamento de Orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención”. ▪ Colaborar co Equipo Directivo a comenzos de curso no deseño e desenvolvemento de actuacións encamiñadas a facilitar ao alumnado a incorporación ao centro, especialmente o de nova incorporación, no s seguintes aspectos: <ul style="list-style-type: none"> - Normas de organización, funcionamento e convivencia. - Medidas de prevención, hixiene e protección. - Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o desenvolvemento na modalidade de ensinanza presencial ou, no seu caso,

	<p>non presencial.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Establecer medidas e actuacións en coordinación co profesorado titor para a identificación das necesidades educativas ocasionadas pola situación da pandemia, enmarcadas no Plan Xeral de Atención á Diversidade. ▪ Establecer medidas e actuacións dirixidas ao coidado do benestar da comunidade educativa, enmarcadas no Plan de Acción Titorial. ▪ Establecer medidas e actuacións dirixidas a que o alumnado poida identificar as súas potencialidades e fortalezas para favorecer o proceso de toma de decisións tanto vocacionais como con outras situacións da vida cotiá, enmarcadas no Plan de Orientación Académico e Profesional. ▪ Asesoramento pedagóxico ao profesorado para o axuste da actividade educativa e orientadora nos diferentes escenarios presencial e virtual, para todo o alumnado e de maneira máis específica, para o alumnado con dificultades emocionais e para o que presenta necesidades específicas de apoio educativo. ▪ Participar activamente nas diferentes actividades, conmemoracións e efemérides que se desenvolvan no centro educativo.
<p>Relativas alumnado</p> <p>ó</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Potenciar a acollida e integración progresiva ao centro e a aula velando que a incorporación se realice nun clima de calma e seguridade, para minimizar as dificultades de adaptación mediante o desenvolvemento de actividades que respeten as medidas que o COVID-19 nos impón. ▪ Potenciar a creación nos grupos dunha rede de compañeiros/-as para a realización de accións de titorización afectiva entre iguais, para colaborar co profesorado nunhas relacións de convivencia máis saudables entre os compañeiros/-as, que por diversas circunstancias están pasando por momentos difíciles se sinta acompañado e acollido. ▪ Promover valores que fomenten o respecto pola diferenza, a empatía emocional, a prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios, tanto nun entorno real como virtual. ▪ Favorecer a adquisición e o desenvolvemento de competencias emocionais entendidas como competencias para a vida, para dar resposta ao impacto emocional derivado das consecuencias do COVID 19 e do propio confinamento. ▪ Impulsar a educación e promoción da saúde. Fomento de hábitos de vida activa e saudable e da construción dunhas relacións saudables en escenarios virtuais (redes sociais, ...)- ▪ Mellorar a inclusión do alumnado máis vulnerable e alumnado que presenten desaxustes emocionais. ▪ Mellorar a aprendizaxe de técnicas de traballo intelectual. Xestión do tempo, técnicas de estudo, organización da información, planificación e execución do traballo.

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Orientación Académica e Profesional poñendo especial atención nas modificacións introducidas coa entrada en vigor da Lei orgánica 3/2020 do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOMLOE), concretamente no relacionado coa organización dos cursos 1º ESO, 3º ESO, 1º BAC e 1º FPB que se implantarán no curso 2022 /2023. ▪ Proporcionar apoio psicopedagóxico e realizar o seguemento individualizado en colaboración co profesorado titor na resposta as seguintes casuísticas: alumnado con brechas de acceso a conexión e dispositivos tecnolóxicos, necesidade de apoio emocional derivada da situación de confinamento.... ▪ Axustar a resposta educativas características e necesidades particulares de cada alumno/a e moi especialmente do alumnado con n.e.a.e.
<p>Relativas ó profesorado</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Dinamizar a acción titorial, a través das reunións quincenais establecidas pola X.E, seguemento e apoio documental da mesma a través das reunións puntuais que se poidan establecer cos/coas titores/-as. ▪ Establemento de mecanismos de comunicación e coordinación co profesorado titor e cos membros do Departamento de Orientación para dar continuidade a actividade orientadora ante a posible suspensión da actividade lectiva presencial. ▪ Brindar apoio a profesora de pedagogía terapéutica na resposta personalizada e directa na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. ▪ Asesoramento no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade ACS, PMAR.. ▪ Favorecer a coordinación do profesorado e a profesora de apoio para a atención do alumnado con necesidades educativas. ▪ Favorecer no profesorado un maior coñecemento do seu grupo de alumnos para que as intervencións e seguementos sexan o máis individualizados posibles. ▪ Asesoramento psicopedagóxico en relación as modificacións introducidas coa entrada en vigor da Lei orgánica 3/2020 do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOMLOE). Ao comezo do curso 2021-2022 implantaranse as modificacións na. <ul style="list-style-type: none"> - Avaliación. - Promoción. - Condicións de titulación. - Condicións de acceso as distintas ensinanzas. ▪ Dotar ao profesorado de estratexias e ferramentas para dar resposta a casuísticas de maior vulnerabilidade.
<p>Relativas ás</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Establecer canles de comunicación coas familias para o desenvolvemento das seguintes actuacións: <ul style="list-style-type: none"> - Detección das necesidades do entorno familiar e amosar unha actitude de

familias	<p>acompañamento.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Orientación e asesoramento sobre aspectos concretos que están interferindo no desenvolvemento académico e socioafectivo (organización das tarefas escolares, no relacionado co coidado e o benestar emocional...). ▪ Fortalecer o papel da familia no soporte emocional e educativo dos seus/súas fillos/-as. ▪ Detectar ao alumnado en situación de desventaxa socioeconómica para planificar posteriores actuacións no ámbito educativo que axuden a compensar as súas necesidades. ▪ Informar, orientar e derivar a aquelas familias en situacións máis vulnerables a Servizos Sociais, a Servizos esècializados e, no seu caso a Saúde Mental. ▪ Orientar e asesorar ás familias sobre as necesidades e posibilidades académicas dos seus/súas fillos/-as. ▪ Difudir na páxina web do centro recursos e materiais relacionados cos diferentes programas
Relativas ó contorno	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Establecer mecanismos de comunicación fluídos coas institucións do entorno. (Servizos Sociais, Servizos Sanitarios, Centro de información á Muller de Palas, asociacións...). Reunións mensuais para levar a cabo intervencións máis sistemáticas. ▪ Contacto con outras ofertas formativas do contorno e darlles a coñecer ao noso alumnado. ▪ CENTROS ADSCRITOS <ul style="list-style-type: none"> – Trasladar a información do alumnado de nova incorporación ao IES – Planificar actividades informativas e de tránsito entre etapas.

4-PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS

Seguindo a liña iniciada en cursos anteriores, procuraremos levar a cabo, mellorar ou consolidar as propostas de cursos anteriores, así como as que se especifican na Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa., e que se concretan en:

1.- Relacionadas coa inclusión e a diversidade

- Asesorar ao equipo directivo sobre o contido do proxecto educativo e os documentos que o integran, especialmente sobre as medidas de atención á diversidade e acción tutorial.
- Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Axustar as propostas de apoio educativo á realidade de cada alumna ou alumno, con intervención inclusivas e orientadas polo potencial de aprendizaxe do alumnado.

- Asesorar os departamentos, equipos de ciclo e profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións de curso e/ ou ciclo, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares.
- Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

2.- Relacionadas coa acción tutorial:

- Colaborar co profesorado tutor no desenvolvemento das medidas contempladas no plan de acción tutorial (PAT), asesorando á totalidade da comunidade educativa sobre o sistema educativo, os procesos de admisión, as accións de acollida, os cambios de centro e a participación na organización e no goberno dos centros.
- Colaborar cos diferentes equipos docentes no deseño e elaboración de protocolos para a realización da avaliación inicial do alumnado.

3.- Relacionadas coa convivencia e coa educación en valores:

- Diseñar e poñer en práctica programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica dos conflitos, asesorando na elaboración do plan de convivencia do centro.
- Asesorar á comunidade educativa sobre a elaboración e aplicación das normas de organización e funcionamento.

4.- Relacionadas co plan de orientación, co plan anual e coa memoria de cada curso:

- Manter actualizado o plan de orientación, concretando no plan anual do departamento as actuacións previstas para o curso, os destinatarios, os responsables da súa execución e a temporalidade correspondente.
- Realizar a memoria final do curso en base ao desenvolvemento do plan anual, cunha adecuada fundamentación das propostas de mellora que procedan para o curso seguinte.

5.- Relacionadas cos procesos de avaliación e calidade:

- Colaborar nos diferentes procesos de avaliación do centro, nos temas que se establezan.
- Asesorar á totalidade da comunidade educativa sobre os proxectos de mellora e calidade do sistema educativo.

6.- Relacionadas coa orientación:

- Facilitar, en forma e prazo, a información que se demanda na aplicación informática de orientación.

7.- Relacionadas coa aprendizaxe permanente e as saídas profesionais:

- Orientar as persoas demandantes de información sobre o procedemento do recoñecemento, avaliación e acreditación de competencias; definindo, de ser o caso, o seu itinerario formativo.
- Participar e colaborar na difusión e apoio de accións de fomenta da cultura emprendedora no alumnado do centro, así como favorecerlle o coñecemento e utilización das ferramentas disponibles en materia de emprendemento.
- Prestar especial atención aos momentos de transición académica ou ao mundo laboral, guiando e asesorando o alumnado nos distintos itinerarios formativos, na validacións, na elección de materias, nas competencias para a empregabilidade e nas técnicas de busca de emprego.

- Informar o profesorado, o alumnado e as familias sobre a inserción profesional, as oportunidades do mundo laboral, o autoemprego, a creación de empresas e as necesidades do contorno produtivo.
- Asesorar sobre a importancia da formación ao longo da vida para a mellora profesional ou para a incorporacións ao mercado laboral.
- Promover medidas tendentes á diminución do absentismo escolar e do abandono temperá dos estudos.

8.- Relacionadas coa coordinación dos departamentos de orientación:

- Establecer mecanismos sistemáticos de coordinación entre as xefaturas dos departamentos de orientación dos centros de educación infantil e/ou primaria e os de secundaria aos que están adscritos.
- Promover a coordinación entre as xefaturas dos departamentos de orientación e o profesorado responsable da formación e orientación laboral, así como entre os servizos de orientación da zona, para favorecer o desenvolvemento e a integración do alumnado.

9.- Relacionadas coa atención á diversidade e coa circular 8/2009:

- Asesorar o conxunto da comunidade educativa sobre os programas de diversificación curricular e sobre os de cualificación profesional inicial.
- Asesorar o conxunto da comunidade educativa da educación secundaria obrigatoria sobre os programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas, sobre os programas de recuperación, sobre os programas específicos personalizados, sobre as aulas de atención educativas e convivencia e sobre os programas de habilidades sociais elaborados.

Tendo en conta o sinalado anteriormente, organizamos as accións do Departamento de Orientación en torno a tres ámbitos de actuación:

- 1- **ACCIÓN TITORIAL.** Incluímos neste ámbito os seguintes programas:
 - Programa de acollida e adaptación.
 - Programa de mellora da competencia social e a convivencia
 - Programa para o fomento do benestar emocional e estilo de vida saúdale.
- 2- **ÁMBITO DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL.** Incluímos neste ámbito o seguinte programa:
 - Programa de orientación vocacional.
- 3- **ÁMBITO DE APOIO O PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE.** Incluímos neste ámbito os seguintes programas:
 - Programa de prevención de dificultades de aprendizaxe.
 - Programa sobre técnicas e estratexias de aprendizaxe e apoio o estudo.

I-ÁMBITO DE ACCIÓN TITORIAL.

A acción titorial forma parte da función docente e, en certa medida, identifícase con ela.

Dende unha perspectiva educativa, a titoría debe incorporar aqueles elementos que van máis alá do puramente académico e que poden axudar o desenvolvemento de proxectos de vida mas autónomos e responsables. Aínda que todo profesor/a na súa propia tarefa docente implicitamente desenvolve a función titorial, esta queda representada na figura do/a titora, sendo o Departamento de Orientación un medio de asesoramento para apoiar as accións referentes a esta competencia.

O PAT é fundamental nunha etapa educativa como a ESO, posto que é unha etapa na que se da unha maior diversidade do alumnado, o cal plantexa unha problemática de adaptación e de integración persoal e escolar.

Desenvolvemento da acción titorial debe abordar os seguintes aspectos:

1. Coñecemento e seguemento persoal do alumno/a a través de actividades de coñecemento das súas aptitudes, capacidades, motivación, grado de responsabilidade...

Este coñecemento constituirá o punto de partida para, en colaboración co resto de profesores/as e do DO, deseñar estratexias que permitan incidir na mellora do desenvolvemento persoal e no rendemento académico.

2. A relación co grupo-clase: actividades que permitan lograr un clima adecuado de aula, a cohesión do grupo e posibilidades de participación nas decisións de aula.

3. A relación coas familias: a través de reunións periódicas ó longo de todo o curso o titora deberá coñecer as expectativas das familias con respecto ós fillos e establecer actuacións coordinadas entre a familia e o centro.

4. A relación co equipo docente: débese procurar que exista unha proposta pedagóxica común por parte do equipo do grupo de alumnos/as, así mesmo o titor deberá coordinar as respostas educativas que cada docente aporte dente as súas distintas programacións.

Coodinar a avaliación inicial como un momento principal de detección de necesidades , así como elaborando materiais para a recollida de información sobre datos de alumnos/-as que son importantes para dar a coñecer ó resto de profesores: historial académico, repetidores, absentismo escolar, expedientes disciplinarios, alumnos con RE, ACS, Agrupamentos flexibles...

5. A relación coa dirección do centro: Preparación das xornadas de acollida e de transición entre etapas.

6. No Bacharelato e na Formación profesional a acción titorial non é menos importante pero ten un carácter diferente polas necesidades especiais do alumnado e polas características da etapa na que se atopan. Se ben abordará os mesmos aspectos que na ESO aínda que incidindo máis na acción titorial individualizada.

Na situación actual de crisis sanitaria, a actividade orientadora para o apoio ao Plan de Acción Titorial, debemos ter en conta que o prioritario é o desenvolvemento de actuacións dirixidas a favorecer o coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado. A nosa tarefa consiste en acompañar e cuidar ao alumnado, profesorado e familias mostrándonos accesibles e cercanos, ofrecéndolles informacións útiles en momentos complicados e axudándolles a establecer formas de comunicación.

Programa de acollida e integración

Xustificación:

No marco da crise sanitaria orixinada polo novo coronavirus, que causa a enfermidade COVID-19, durante o curso escolar 2020-2021, optouse por retomar a actividade presencial, adoptando unha serie de medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde fronte ao COVID-19, que garantizaran por unha parte o funcionamento do centro, asegurando a presencialidade e por outra a eficacia das medidas implementadas.

Este escenario supuxo unha nova realidade, novas formas de relacionarnos, novas formas de convivir o que conleva a necesidade dun proceso de adaptación a esta nova situación.

Esta realidade require que desde o comenzo de curso se preste especial cuidado na acollida a todos os integrantes da comunidade escolar (alumnado, profesorado e familias) atendendo especialmente ao alumnado de nova incorporación según o recollido nas Instrucións do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional para o curso académico 2021-2022.

O programa está dirixido a conseguir unha adaptación progresiva de todos ao entorno escolar e as novas circunstancias que o presente curso nos depara. As actuacións son complementarias as realizadas no plan de adaptación do centro e veñen a contribuir a acadar a competencia clave de “Competencias Sociais e Cívicas” recollida na LOMCE.

Obxectivos:

- Favorecer a integración de tódolos alumnos/-as no centro, especialmente dos que se incorporan por primeira vez o centro, dos que presentan necesidades educativas específicas de apoio educativo e de casuísticas de maior vulnerabilidade personal, social e emocional.
- Implicar o profesorado no referente a: fomentar o sentimento do grupo e de pertence ao mesmo despois de meses aillados, favorecer a confianza en sí mesmo, a cohesión grupal, a expresión emocional.
- Establecer mecanismos axeitados de colaboración para implicar as familias no proceso de adaptación do alumnado o medio escolar.

Contidos:

- ✓ Acollida/recepción
- ✓ Coñecemento do grupo e cohesión grupal.
- ✓ Dereitos e deberes.
- ✓ Normas. Poñendo especial énfasis nas normas de protección e seguridade individual e colectiva que o COVID-19 nos impón.
- ✓ Elección dos cargos do grupo.

De seguido propoñemos as accións prioritarias que dende o departamento de orientación se levan a cabo para facilitar e dinamizar o seguinte programa:

ACTUACIÓNS	RECURSOS/ESTRATEGIAS	TEMPORAL.	RESPONSABLES
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Participación nas actividades iniciais de recepción do alumnado, profesorado e familias: Acto de presentación do Equipo Directivo e Docente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Reunións grupais co alumnado e as familias dos diferentes niveis educativos. 	Setembro/ outubro Puntualmente,	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Equipo Directivo ▪ Titores ▪ D.O

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Elaboración de material a entregar nas xornadas de acollida. ▪ Deseño e establecemento de accións tendentes a integración do alumnado a nivel de centro e do grupo clase. - Presentación do titor. - Coñecemento do centro: instalación e servizos, organización xeral. - Coñecemento mútuo dos/das alumnos/-as: presentación dos novos. - Presentación do plan de traballo xeral: <ul style="list-style-type: none"> -Características do curso -Horarios xerais -Normas de centro. -Elección de delegado. -Dereitos e deberes. -Normas.Prestando especial énfasis nas normas para previr os indicios das situacións de acoso. -Normas Plan de evacuación ▪ Elaboración dun caderno no que se inclúan actividades para o desenvolvemento dos aspectos socioemocionais e para favorecer a cohesión grupal con especial intensidade ao comenzo de curso e ao longo do curso en momentos críticos polos cambios de escenarios que se poidan presentar. ▪ Seguemento do proceso de acollida e integración do alumnado a través da reunión dos titores e os equipos docentes. ▪ Accións de asesoramento e intervención personalizada en casos de dificultades na integración dalgún/dalgunha alumno/-a. ▪ Accións de asesoramento e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Dinámicas de presentación, respectando as normas do COVID. ▪ Dinámicas de coñecemento personal respectando as normas do COVID. ▪ Dinámicas de coñecemento mútuo respectando as normas do COVID. ▪ Dinámicas de cohesión grupal, de confianza e de comunicación respectando as normas do COVID.. ▪ Documentación do centro. NOF. ▪ Documentación legal. D.324/96.(función do Delegado e da Xunta de Delegados). ▪ Modelo de Acta de Elección de delegado. ▪ Traballo individual e en pequeno grupo. ▪ Diálogo e posta en común. ▪ Elaboración do decálogo de normas da aula. 	<p>para o alumnado que se incorpora ao longo do curso.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Setembro ▪ Ao longo do curso. ▪ Ao longo do curso. ▪ Ao longo do 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Orientadora, D.O ▪ Orientadora ▪ Orientadora ▪ Orientadora
---	---	--	---

intervención personalizado as familias en casos de problemas de integración dos seus/súas fillos/-as.		curso.	
---	--	--------	--

2-Programa de mellora da competencia social e a convivencia escolar.

Xustificación:

Este programa cobra especial relevancia na etapa da educación secundaria obrigatoria, que coincide coa etapa evolutiva da adolescencia onde o alumnado amplía enormemente as redes sociais, cobra unha gran importancia a configuración da súa identidade persoal diferenciada e de configuración de valores... polo que dende o centro debemos proporcionar unha resposta educativa axeitada que favoreza a adquisición de valores propios da sociedade democrática baseados no fomento da PAZ, SOLIDAREDADE, TOLERANCIA, DE RESPECTO ÓS DEREITOS HUMANOS E LIBERDADES FUNDAMENTAIS... Así mesmo pretendemos que o alumnado adquira habilidades e estratexias de comunicación que lle posibilite unhas relacións persoais máis saudables e constructivas nun entorno real como virtual e poida afrontar adecuadamente as situacións de conflito as que pode verse exposto na súa vida social e escolar. Este programa contribúe a adquisición da seguinte competencia clave “Competencias sociais e cívicas”.

Obxectivos:

- Aprender a solucionar construtiva e positivamente os problemas de interacción social cos iguais e adultos.
- Implicar ao profesorado na creación dunha rede afectiva entre alumnos/-as para o acompañamento e apoio a compañeiros/-as que poidan estar pasando por unha situación máis difícil.
- Conseguir a comprensión o máis obxectiva posible do fenómeno de acoso escolar, así como previr e frear a discriminación polo COVID-19 e protexer as personas que o sufren.
- Educar para as relacións interpersoais igualitarias baseadas na aceptación das diferencias, na valoración mútua e no respecto.
- Deseño de materiais para aplicar co alumnado dinámicas de grupo que favorezan o diálogo e a negociación como técnicas de resolución de conflitos.
- Asesorar as familias sobre a mellor forma de realizar a socialización dos seus fillos en canto a adquisición de habilidades e competencias sociais básicas e de convivencia social.

Contidos:

- Habilidades de comunicación e escoita activa.
- Habilidades sociais asertivas e de autocoñecemento.

- Habilidades sociais para relacionarse cos demáis, fomento da amizade, fomento da amabilidade.
- Dereitos Humanos
- Os valores (PAZ, TOLERANCIA, SOLIDARIEDADE, IGUALDADE)
- Xestión dos conflitos.
- Prevención do acoso e ciberacoso.

De seguido propoñemos as accións que dende o departamento de orientación se levan a cabo para facilitar e dinamizar o seguinte programa:

ACTUACIÓNS	RECURSOS/ESTRATEGIAS	TEMPORALIZAC IÓN	RESPONSABLES
<ul style="list-style-type: none"> Asesoramento personalizado as familias do alumnado que presente partes de conduta. Asesoramento ao profesorado sobre a intervención co alumnado que presenta problemas de conduta. Selección de materiais para traballar na hora de titoría, as habilidades de comunicación escoita activa, empatía, asertividade. Elaboración de materiais sobre habilidades sociais a implantar na aula de convivencia inclusiva. Asesoramento para a inclusión dos diferentes protocolos como o acoso ou medidas correctas nos documentos de centro. Impulsar as conmemoracións relacionadas coa mellora da convivencia no centro: DÍA DA DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS; DÍA DA 	<ul style="list-style-type: none"> Entrevistas telefónicas ou presenciais dependendo da gravidade dos feitos. Reunións puntuais que o demanden e das sesións de avaliación. Material audiovisual, material escrito. Dinámicas “torbellino de ideas”, realización de asambleas, diálogos. Entrevistas co/coa alumno/-a para fomentar a reflexión por parte do alumno/-a sobre a falta cometida e a maneira de reparala. Aula de convivencia. Protocolo de acoso da Consellería Material audiovisual 	<ul style="list-style-type: none"> Ao longo do curso. Ao longo do curso. Ao longo do curso Ao longo do curso. Ao comenzo de curso. Datas establecidas no calendario 	<ul style="list-style-type: none"> X.E, Orientadora. X.E, orientadora Orientadora, D.O Orientadora, Coordinador/-a de convivencia. Orientadora. D.O, tiores/-as.

PAZ.		escolar.	
------	--	----------	--

3 Programa para o fomento do benestar emocional e estilo de vida saúdale.

Xustificación.

As relacións positivas entre as persoas non son posibles se previamente non existe unha relación positiva de cada un/unha consigo mesmo/-a, por iso é importante o desenvolvemento de actuacións dirixidas a fomentar o benestar personal e o sentimento de cuidado e seguridade que a escola debe garantir.

O desenvolvemento emocional e o cognitivo son indisolubles, constituindo entre ambos os elementos esenciais do desenvolvemento integral de cada persoa .

O desenvolvemento emocional implica a progresiva adquisición de “a capacidade de recoñecer os nosos propios sentimentos e os das demais persoas, de motivarnos e de manexar axeitadamente as relacións”. Isto é a base para establecer relacións satisfactorias con quen temos ao noso carón e que incide de forma significativa no éxito académico.

Este programa vai dirixido a que o alumnado desenvolva habilidades sociais que lle posibilite a comunicación das emocións, a xestión das mesmas, a súa regulación... Todo elo ten como finalidade aumentar o benestar personal e social.

Ademais, este programa contribúe a acadar a competencia sociais e cívicas según terminoloxía LOMCE 8/2013.

Obxectivos.

- Sensibilizar ó profesorado da importancia e a necesidade da educación emocional.
- Axudar a regular as emocións no novo contexto de distanciamento social.
- Desenvolver o pensamento positivo e a búsqueda de solucións ou saídas intelixentes a este problema, que minoren o noso malestar e desenvolvan a resistencia e a capacidade de adaptación.

Contidos

- Conciencia emocional.
- Autoestima.
- Empatía.
- Regulación emocional.
- Autonomía emocional.
- Habilidades de vida e benestar.

De seguido propoñemos as accións que dende o Departamento de orientación se levan a cabo para facilitar e dinamizar o seguinte programa:

ACTUACIÓNS	RECURSOS/ESTRATEGIAS	TEMPORALIZAC IÓN	RESPONSABLES
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Selección de materiais para traballar na hora de titoría, mediante a selección de textos, artigos, imaxes, fotos... ▪ Exercicios de identificación das emocións. ▪ Exercicios de recoñecemento das emocións. ▪ Autorreflexións. ▪ Actividades de manexo das emocións e estratexias de control. ▪ Dilemas morales. ▪ Dinámicas de grupo. ▪ Visionado de cortos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Textos base. ▪ Análise de documentos. ▪ Traballo individual. ▪ Reflexións persoais. ▪ Técnicas emocionais. ▪ Traballo en grupo. ▪ Dinámicas de interacción. ▪ Diarios. ▪ Xogo de cartas. 	Ao longo do curso	Equipo directivo, D.O, Titores,

ÁMBITO DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL.

A Orientación Vocacional ten por obxecto axudar ó alumnado a valorar e actualizar as súas preferencias académico-profesionais para que poida formular libre e responsablemente a súa decisión persoal, que deberá concretar nun plan ou proxecto concreto de futuro. O proceso de toma de decisións, tendente á auto-orientación, será realizado polo propio alumnado, nunca por outros membros da comunidade educativa (pais/nais; profesor/a, titor/a, orientador/a) que si teñen, en cambio, a responsabilidade de ofrecerlle a orientación e información que precisen para levalo a cabo.

A Orientación vocacional será tratada en toda a ESO de xeito progresivo, así nos cursos 1º e 2º incidirase no autocoñecemento e na aprendizaxe dos procesos de toma de decisións; e en 3º e 4º no coñecemento das alternativas que se lle presentan ó rematar a escolaridade obrigatoria.

No Bacharelato a orientación académica incidirá na toma de decisións de opcións académicas ó rematar a etapa así como na orientación sobre a organización da ABAU. Así mesmo, teremos en conta que haberá alumnos que desexan incorporarse ó mundo laboral ó rematar esta etapa, polo que tamén teremos en conta a necesidade de orientarlles cara á consecución de emprego así como dos recursos existentes fóra do centro que se adican a orientación laboral.

Sen perder de vista o referente básico que é o de contribuir á personalización da educación, favorecendo a formación integral do alumno/a, o Plan de Acción Titorial e o Plan de Orientación Académico-Profesional, terán en conta os seguintes ámbitos de actuación:

- A titoría individual: pon énfase na relación persoal do/a titor/a con cada alumno/a cunha finalidade claramente orientadaora, dirixida a axustar a resposta educativa ás necesidades do alumnado, dende a perspectiva da individualización do insino.

- A titoría grupal: é un complemento da titoría individual, que se concreta tanto na relación do/a titor/a co grupo de alumnos/as, como nas actuacións do resto de profesorado que actúa sobre un grupo. As actividades de titoría están coordinadas polo profesor-titor.

- A titoría en relación coas familias: trátase de conseguir que as familias colaboren para a consecución dos obxetivos programados no ámbito dos alumnos/as, coa súa información, actitude e intervención. O/a titora canaliza a información relevante aportada polas familias e transmítea ó profesorado do grupo e viceversa.

O alumnado, a partir do seu ingreso na ESO e xa dende 6º de Educación Primaria, ten que facer diversas eleccións académicas, fundamentalmente referidas a:

- Optatividade na ESO e nos Bacharelatos.
- Alternativas para o alumnado que siga un Programa de Mellora do Apendizaxe e o Rendemento
- Transición á vida profesional.
- Itinerarios nas diversas modalidades de Bacharelato
- Saídas e conexións coa Formación Profesional.
- A ABAU para o alumnado de 2º de Bacharelato.
- Saídas universitarias para Bacharelato.

O labor titorial deberá centrarse en profundizar no coñecemento das aptitudes, intereses e motivacións de cada alumno/a para axudarlle na toma de decisións sobre o seu futuro académico e profesional, a través dunha orientación directa e inmediata ó longo de todo o proceso formativo.

A orientación académico e profesional será proporcionada de forma diversificada e individualizada, de acordo coas características e posibilidades do alumnado. Para acadar este obxectivo, os/as titores/as e o Departamento de Orientación poñerán en práctica estratexias encamiñadas a:

- Coñecemento do alumnado de si mesmo: intereses, afeizóns, aptitudes, condicións sociofamiliares.
- Coñecemento por parte do alumnado das posibilidades que lle ofrece o sistema educativo, opcións e itinerarios académico e profesionais.
- Coñecemento por parte do alumnado da realidade do mundo laboral e profesional.
- Propiciar no alumnado a autoorientación, facilitando a reflexión e a capacidade crítica para realizar a toma de decisións.
- Analizar cos alumnos as vantaxas e inconvenientes das distintas opcións e itinerarios educativos e profesionais.
- Facilitar ó alumnado a posibilidade de contactos e experiencias co mundo do traballo.

Na situación actual de crisis sanitaria, a orientación académica profesional, nun escenario virtual, require ter que dotar ao alumnado recursos e ferramentas que lle posibilite a autororientación e poida construír o seu proxecto de vida profesional a través do autoconñecemento, o acceso a información relevante e contrastada e a un proceso de toma de decisións, paso a paso, no que o alumnado poida solicitar o noso asesoramento.

1-Programa de orientación vocacional.

Xustificación

O sistema educativo actual cada vez presenta un entramado máis complexo (optativas, modalidades...), e ademais está en constante cambio debido as numerosas reformas educativas.

En relación co mercado laboral, temos que sinalar que debido os cambios acaecidos de tipo social, económico e tecnolóxico, atopámonos con un mercado laboral caracterizado pola flexibilidade laboral, novos sectores de traballo, paro estrutural, aumento das novas tecnoloxías, contratos temporais, mercado competitivo e restrinxido.

Por todo isto faise necesario dende o centro dar unha resposta educativa axeitada o alumnado que lle permita favorecer o desenvolvemento vocacional, un desenvolvemento que terá como máxima alcanzar o lgo da madurez vocacional e a autoorientación o longo da vida. Este programa contribúe a acadar as seguintes competencias básicas (según terminoloxía LOE 2/2006): competencia no tratamento da información e a competencia dixital, competencia social e cidadá e a competencia de autonomía e iniciativa personal e as seguintes competencias clave según terminoloxía LOMCE 8/2013 “Competencia dixital” e “Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor”.

Obxectivos.

- Facilitar a transición entre etapas (primaria-secundaria).
- Potenciar o autocoñecemento por parte do alumnado.
- Optimizar o coñecemento do alumnado no tocante a estrutura do sistema educativo.
- Optimizar o coñecemento do alumnado no tocante a estrutura do mundo laboral.
- Facilitar a toma de decisións do alumnado de modo reflexivo e autónomo.
- Sensibilizar ó alumnado sobre o fomento do “espírito emprendedor” e coñecer o tecido empresarial do seu contorno.
- Implicar a familias e docentes no desenvolvemento do programa.

Contidos

- Transición educación primaria-secundaria.
- Autocoñecemento.
- Coñecemento do Sistema Educativo.
- Coñecemento do Mundo laboral.
- Toma de decisións.
- Proxecto de vida.
- Fomento do espírito emprendedor.

De seguido propoñemos as accións que dende o Departamento de orientación se levan a cabo para facilitar e dinamizar o seguinte programa:

ACTUACIÓNS	RECURSOS/ ESTRATEGIAS	TEMPORALIZ	RESPONSABLES
-------------------	----------------------------------	-------------------	---------------------

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Aplicación de probas sobre aptitudes, intereses, preferencias IPP-R e EXPLORA. ▪ Establecemento de reunións periódicas cos titores/-as para o seguemento das actividades de orientación vocacional. ▪ Elaboración de dossier informativos sobre os itinerarios e saídas académicas posteriores. ▪ Difusión sobre a oferta de actividades virtuais: encontros, xornadas de portas abertas organizadas polas distintas institucións para darlles a coñecer as diferentes titulacións, saídas académicas... ▪ Elaboración de guías de información académico profesionais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Probas IPP-R e EXPLORA ▪ Reunión de equipos de titores/-as. ▪ Referentes legislativos. Material elaborado polo departamento de orientación, material audiovisual. ▪ Aula virtual a través do foro de novas ▪ Referentes legais. Aula virtual para a súa difusión 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2º trimestre ▪ Ao longo de todo ▪ 2º e 3º trimestre ▪ No momento puntual ▪ 2º e 3º trimestre 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Orientadora, Titor/-a. ▪ Orientadora, titor/-a ▪ Orientadora. ▪ Orientadora. ▪ Orientadora.
--	--	--	---

ÁMBITO DE APOIO O PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

A escolarización obrigatoria ata os 16 anos supón adoptar unha organización que asegure e posibilite unha formación básica que responda ás características de tódolos alumnos/as. O Departamento de Orientación colaborará no axuste da axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado, ben sexa a través da intervención directa ou ben facilitando recursos e estratexias que incidan nos ámbitos que, interrelacionados cos procesos de ensino e aprendizaxe, manifestan a diversidade, tales como son a capacidade para aprender, os estilos de aprendizaxe e os intereses dos/as alumnos/as.

Na situación actual de crisis sanitaria, a actividade orientadora para o apoio ao proceso de ensino aprendizaxe, debemos ter en conta que o prioritario é acompañar ao alumnado no desenvolvemento e posta en práctica de habilidades metacognitivas e técnicas de traballo e de autoxestión do propio aprendizaxe.

3-Programa de prevención de dificultades de aprendizaxe.

Xustificación

As dificultades de aprendizaxe son un feito consagrado nun amplo sector de alumnos do noso centro. Dificultades relacionadas na maioría dos casos con problemas no afianzamento das técnicas instrumentais básicas, coa falla de técnicas de traballo intelectual, con unha metodoloxía inaxeitada, cunha integración escolar deficiente... A existencia no centro dunha enorme diversidade en canto a capacidades, intereses, motivacións, estilos de aprendizaxe... fai que o alumnado responda de maneira diferente o currículo polo que teremos que levar a cabo o seguinte programa para que de forma coordinada responda as necesidades máis xerais e básicas ata as máis específicas e que polo tanto requiran de medidas máis concretas e específicas. Este programa contribúe a acadar as seguintes competencias clave (según terminoloxía LOMCE 8/2013) “Competencia en Comunicación Lingüística”, “Competencia Matemática” e “Competencia de Aprender a Aprender”.

Obxetivos:

- Previr as dificultades de aprendizaxe evitando, no posible, o baixo rendemento, fracaso, abandono e inadaptación escolar.
- Fomentar o uso da lectura e os aprendizaxes derivados da mesma como estratexia preventiva de dificultades de aprendizaxe.
- Favorecer o desenvolvemento e mellora das destrezas e habilidades de pensamento.
- Empregar diferentes formas de pensamento para resolver situacións da vida cotiá.
- Implicar, orientar e asesorar ás familias en pautas de apoio no fogar cos seus fillos, no proceso educativo.
- Dotar dos recursos materiais necesarios e apoio técnico ó profesorado para o desenvolvemento da prevención das dificultades de aprendizaxe.

Contidos:

- A lectura comprensiva.
- A expresión oral.
- A expresión escrita.
- Cálculo
- Razoamento lóxico e matemático.
- A clasificación.

De seguido propoñemos as accións que dende o Departamento de orientación se levan a cabo para facilitar e dinamizar o seguinte programa:

ACTUACIÓNS	RECURSOS/ESTRATEGIAS	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSABLES
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Facer lectura colectiva e verbalizar sobre o contido da mesma. ▪ Preparar un tema e expoñelo na clase. ▪ Estratexias de enriquecemento cognitivo: ☞ Solución de problemas:instruccions en secuencias estratéxicas: <ul style="list-style-type: none"> -Definición do problema: ¿Qué teño que facer? (atención, escoita, lectura atenta, reflexividade...) -Aproximación ó problema, pensar, facer un plan: ¿Como o teño que facer? (parafraseo do problema, plantexamento de cuestión en voz alta, visualización.) -Focalización da atención, resposta á actividade. Traballo con orde e coidado. -Autorreforzo.Instruccions positivas, repaso do traballo con atención. -Autoavaliación.Recompensa e alternativas para correxir erros. ☞ Creatividade: <ul style="list-style-type: none"> -Desenvolvemento do pensamento creativo:remuíño de ideas, transformacións imaxinativas, análise de supostos. ☞ Razoamento: <ul style="list-style-type: none"> -Razoar seguindo os principios da inferencia, tanto inductiva como deductiva 	<p>Selección de textos motivadores. Debates.</p> <p>Selección de problemas e exercicios de razonamento lóxico.</p> <p>Traballo en grupo.</p> <p>Traballo en pequeno grupo.</p> <p>Traballo individual.</p> <p>Postas en común.</p>	<p>O longo do curso</p> <p>O longo do curso</p> <p>O longo do curso</p> <p>Puntualmente, previa preparación.</p>	<p>Titor, profesores</p> <p>Titor, profesores</p> <p>Titor, profesores</p> <p>Titor, profesores</p>

Programa sobre técnicas e estratexias de aprendizaxe e apoio o estudo.

Xustificación

Este programa pretende dotar os alumnos dunha serie de técnicas e estratexias que favorezan a autonomía no aprendizaxe, así como aprendizaxe permanente o longo da vida. Ademais este programa pretende dar resposta as necesidades que presentan os alumnos no tocante a: organización do tempo de estudo, os hábitos de estudo, condicións do estudo, técnicas e estratexias de aprendizaxe relacionadas coa: búsqueda de información, síntesis e esencialización, organización e planificación, coa adquisición e incorporación de estratexias de relaxación. Este programa contribúe a acadar a seguinte competencia clave según terminoloxía LOMCE 8/2013 “Competencia de aprender a aprender”.

Obxectivos.

- Identificar, valorar e adquirir os hábitos e técnicas que permitan un estudo eficaz.
- Integrar progresivamente as técnicas e estratexias de traballo intelectual no proceso de aprendizaxe interiorizando un método personal de traballo.
- Desenvolver estratexias de adquisición, asimilación e recuperación da información.
- Fomentar a participación das familias no proceso de estudo dos seus fillos: horarios, condicións físicas, motivación...

Contidos.

- Control do tempo. Diarios e programacións.
- Espacio e o ambiente de estudio
- Resumo
- Subliñado e o esquema.
- Técnicas de memorización
- Traballos monográficos
- Realización de exames
- Relaxación.

De seguido propoñemos as accións que dende o Departamento de orientación se levan a cabo para facilitar e dinamizar o seguinte programa:

ACTUACIÓNS	RECURSOS/ESTRATEXIAS	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSABLES
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Elaboracións de guías, dípticos. ▪ Actividades de sensibilización sobre a necesidade que supón a adquisición, dominio e aplicación dun plan de traballo persoal por parte do alumnado coa colaboración da familia. ▪ Identificación e análise, para a actuación inmediata consecuente, dos hábitos, estratexias e técnicas de estudo dos alumnos. 	Charlas informativas	Todo o curso	Titor, profesorado
	Selección de materiais.		
	Cuestionarios	Todo o curso	Titor, profesorado
	Test.		
	Traballo individual.	Todo o curso	
	Traballo en pequeno grupo.		Titor, profesorado
	Postas en común.		
	Modelado		Titor, profesorado
	Práctica guiada		
	Práctica		

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Adquisición, mellora e afianzamento dos hábitos, estratexias e técnicas de traballo intelectual • Facer un horario semanal e un diario para ver o seu grao de cumprimento. • Facer contratos de traballo e comprobar o seu cumprimento. • Debater sobre o espazo e ambiente de estudio e reflexionar sobre os cambios precisos. • Comentar textos periodísticos ou do currículo. • Ler un texto, subliñalo, facer un esquema e logo expoñelo na clase. 	<p>independiente. Autoinstrucións</p>	<p>Todo o curso Todo o curso</p>	
---	---	---	--

Centros adscritos.

Tendo en conta que os centros adscritos contan cun orientador/a propio; será este o responsable de tódalas accións orientadoras que se desenvolvan no centro. Nembargantes, ao constituír todos un mesmo Departamento de Orientación, as liñas xerais de actuación son comúns para os tres centros de modo que poidamos facilitar así a continuidade na valor educativa que se leva a cabo cos nosos alumnos/as.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Dada a situación da crisis sanitaria, non se prevé a realización de actividades extraescolares para este curso. No caso de que a evolución do pandemia o permita, podería propoñerse a realización de actividades complementarias, respectando as medidas sanitarias. A proposta destas actividades, polas características propias do departamento, ten un carácter provisional e moi dependente das necesidades do alumnado, oferta de actividades dentro dos diferentes ámbitos, e moi suxeita a outras variables difíciles de contemplar a priori. Unha posible proposta é a seguinte:

- Obradoiros Quérote.
- Actividades ofertadas polo Plan Director.
- Charlas de ORIENTACIÓN: para ofrecer información sobre os itinerarios académicos, optativas, estudos postobrigatorios, bolsas e axudas, etc.... /Dirixido a todas as familias de todos os cursos.
- Encuentros, obradoiros e feiras virtuais organizadas por diferentes institucións educativas (USC, UDC, UVIGO, UNIFERIA...).

5-CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AOS PROXECTO DO CENTRO

a) Ao Proxecto Lector do centro

De forma xeral, participase na sesión de lectura semanal prevista polo plan lector cando coincida coa sesión de titoría de cada grupo.

Unha proposta de obxectivos que se poden acadar dende o departamento de orientación respecto do proxecto lector do centro é:

- Fomentar a lectura a través das sesión de titoría.
- Promover o interese cara diversos temas non curriculares
- Incrementar o espírito crítico do alumnado a través de lecturas relacionadas con temas transversais (igualdade, saúde, ...).
- Achegar ao alumnado á comprensión audiovisual a través do visionado de documentais, curtametraxes, películas, sobre temas transversais.

Ademáis, ao longo das distintas actividades de titoría danse múltiples lecturas de textos ou fragmentos sobre temas diversos que promoven a comprensión e expresión oral e escrita, así como a reflexión e debate entre o alumnado.

b) Ao Plan TIC do Centro

Dende o departamento de orientación tentárase sacar aproveitamento da presenza das tecnoloxías da información e comunicación na sociedade e utilizar os seus recursos para mellorar os procesos orientadores e de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe. Isto tentárase facendo aportacións aos obxectivos e actuacións do plan TIC do centro ao longo dos tres ámbitos de actuación do departamento, é dicir, dende:

Apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe. Tentaremos colaborar coa consecución dos seguintes obxectivos:

- Proporcionar novos instrumentos que faciliten a aprendizaxe
- Incrementar o grao de motivación e predisposición do alumnado cara a aprendizaxe, especialmente de aqueles que presentan necesidades educativas especiais.
- Facilitar os procesos de aprendizaxe, con especial atención ao alumnado con necesidades educativas especiais para o seu acceso ao currículo.
- Disminuir o volume de documentación impresa en papel.
- Fomentar o uso das TIC como recurso educativo.
- Diseñar os nosos propios recursos educativos

Para elo lévanse a cabo actuacións concretas como:

- Asesoramento e promoción do emprego das TIC para o intercambio de información entre o profesorado
- Colaboración co profesorado de apoio e de pedagogía terapéutica para o emprego de recursos informáticos e tecnolóxicos.
- Emprego de recursos TIC para mellorar a participación do alumnado con necesidades educativas especiais nas actividades do grupo e do centro (realización de traballos, publicacións,...).
- Recursos: O centro conta con recursos persoais e materiais para tales actuacións, tal como profesorado de informática e responsable do proxecto abalar, aulas de informática, pizarras dixitais ou web do centro, así como unha formación permanente e continua do profesorado a este respecto.

Acción titorial. Tentaremos colaborar coa consecución dos seguintes obxectivos:

- Apoiar o tratamento dos temas transversais
- Impulsar as TIC como medio de comunicación do centro coa comunidade educativa
- Apoiar os labores de titoría dos pais, establecendo novas formas de contacto entre pais, nais e titores
- Abrir canles de comunicación entre o profesorado e o alumnado, a través da web do centro e da Aula Virtual.

A través de actuacións como:

- Asesoramento aos titores sobre recursos informáticos para as sesións de titoría (información, actividades,...).
- Emprego de recursos como o correo electrónico para as comunicacións coas familias, cos titores e entre titores e profesorado (intercambio de información, solicitude de entrevistas...).
- Difusión da web do centro como vía de acceso á información sobre diversos aspectos do departamento de orientación e a súa labor.

Orientación académico-profesional. Tentaremos colaborar coa consecución dos seguintes obxectivos:

- Proporcionar instrumentos que faciliten a información do alumnado
- Facilitar información relevante á comunidade educativa sobre convocatorias, bolsas, acceso a estudos, probas...
- Deseñar os nosos propios recursos educativos

Para colaborar con estes obxectivos poderemos empregar a web do centro e a aula virtual, na que poderemos colgar todo tipo de información relativa a estudos, convocatorias, bolsas, enlaces web...

Recursos: O centro conta con recursos persoais e materiais para tales actuacións, tal como profesorado de informática e responsable do proxecto abalar, aulas de informática, pizarras dixitais ou web do centro, así como unha formación permanente e continua do profesorado a este respecto.

c) Ao Proxecto Lingüístico do centro

Dende o departamento de orientación tentaremos contribuir á consecucións seguintes obxectivos do proxecto lingüístico do centro:

- Garantir o dereito ao ensino en galego
- Conseguir que o galego sexa a lingua habitual do centro en todos os seus ámbitos.
- Incrementar a existencia de actitudes positivas cara o uso e coñecemento da lingua e cultura galega.
- Facer da lingua galega a lingua habitual do centro e promover o seu uso en todos os actos e documentación.

Neste sentido, o departamento de orientación emprega xa o galego de forma habitual como lingua de comunicación co profesorado, alumnado e institucións, do mesmo xeito que tanto a programación e memoria do departamento, así como toda a documentación elaborada é en galego, tanto sexa para pais, profesorado, alumnado, institucións ou inspección educativa.

Procúrase tamén que aquel material didáctico ou informativo non elaborado polo departamento e que se pon a disposición da comunidade educativa esté escrito en galego, aínda que en ocasións, debido á especificidade dalgúns de ditos materiais, isto resulta imposible.

d) Ao Plan de Convivencia do centro

A este respecto indicar que a propia programación do centro conta xa cun programa de mellora da competencia social e a convivencia para favorecer a construción de valores propios dunha sociedade democrática, a xestión de conflitos de maneira positiva e construtiva na relación con adultos e iguais, e o desenvolvemento de habilidades sociais, os cuales garanten a colaboración do departamento a este respecto

6-ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN

6.1- Modelo de traballo no Departamento de Orientación para as diferentes modalidades de ensino.

a) Aspectos xerais para as diferentes modalidades.

A práctica diaria da orientación educativa no IES debe asumir unha metodoloxía de traballo inclusiva dos diversos modos de concebir a orientación así como das diversas formas de organizar na vida diaria o traballo psicopedagóxico. A metodoloxía de traballo no Departamento de Orientación reúne as seguintes características:

- Metodoloxía centrada na prevención. É dicir, trátase de intervir antes de que existan situacións de risco ou problemas escolares.
- Metodoloxía incluída no currículo e na práctica educativa. O traballo da orientadora procura ser unha tarefa planificada para todos os cursos e etapas educativas do instituto.
- Metodoloxía de carácter sistémico e colaborativo. O traballo da orientadora procura ser unha tarefa interdisciplinar na que deben participar todos os membros da comunidade educativa e todos os contextos educativos.
- Metodoloxía ao servizo da atención á diversidade. A intervención debe partir da existencia dunha diversidade de condicións personales nos alumnos (de intereses, motivacións, capacidades, dificultades...).
- Metodoloxía baseada na intervención mediante programas. Os programa terán as adaptacións correspondentes según as características e necesidades de cada nivel educativo e de cada grupo de alumnos.
- Metodoloxía baseada no asesoramento individualizado. É importante a atención individualizada dos alumnos para atender de modo personal as necesidades de familias e alumnado.
- Metodoloxía baseada no asesoramento ao profesorado, á organización escolar e as familias. Asesoramiento técnico do profesorado sobre aspectos relacionados co desenvolvemento curricular, a mellora da práctica educativa e da metodoloxía da ensinanza. Asesoramento

ao equipo directivo en todos os aspectos relacionados coa acollida e a inclusión dos alumnos, na toma de decisións para realizar medidas de atención á diversidade.

- Metodoloxía baseada nas novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).

Actualmente é imprescindible a incorporación dos recursos tecnolóxicos para moitas das actividades psicopedagóxicas.

6.2-ENSINO A DISTANCIA: ACTUACIÓNS PARA A ACTIVIDADE ORIENTADORA LECTIVA NON PRESENCIAL.

Ao abeiro do establecido no Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/2022, o centro adaptará o “Plan de Continxencia” no que se establecerán as medidas que se adoptarán no caso de suspensión da actividade lectiva para facer efectivo o ensino non presencial e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

No suposto de ensino non presencial no Departamento de Orientación utilizaremos as seguintes ferramentas para a dinamización da actividade orientadora realizada pola xefatura do Departamento de Orientación.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ferramentas para planificar e xestionar as tarefas de orientación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Correo electrónico como forma de comunicación co profesorado, alumnado e familias. ▪ Foros da aula virtual para consensuar as propostas, concretar obxectivos e compartir arquivos. ▪ Wiki da aula virtual para traballar conxuntamente e realizar feed-back mutuo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ferramentas comunicativas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Correo electrónico ▪ Espazo Abalar ▪ Cisco Webex: titorías virtuais, videoconferencias. ▪ Aula Virtual: sala de conversa, foros, wiki.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ferramentas para a búsqueda, filtrado e curación de contidos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Scoop.it
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ferramentas para traballar mediante o uso de dispositivos móbiles en orientación educativa 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Aula Virtual. O alumnado dos distintos niveis teñen cursos creados na aula virtual
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ferramentas para crear e compartir contidos de maneira personalizada e áxil, a partir de plantillas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Genially https://genial.ly/ ▪ Canva https://www.canva.com/
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ferramentas comunicativas e de presentación audiovisual de contidos en orientación educativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cisco Webex ▪ Aula virtual.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ferramentas de carácter interactivo para o desenvolvemento do traballo diario. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Canva https://www.canva.com/
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ferramentas para o desenvolvemento das tarefas de asesoramento individual tanto escolar como vocacional. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Correo electrónico ▪ Videoconferencias.

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.

6.3- Técnicas de traballo.

As técnicas de traballo utilizadas polo Departamento de Orientación responden a unha visión ecléctica e inclusiva da intervención psicopedagóxica. A utilización dunha ou outra técnica dependerá da natureza do problema abordado e dos destinatarios da intervención. A continuación as técnicas máis utilizadas son:

✚ Técnicas de traballo para la orientación educativa dirixidas ao alumnado:

- A avaliación psicopedagóxica.
- A observación (rexistros anecdóticos, escalas de observación, autoinformes, rexistros acumulativos...).
- Análise das produción e traballos do alumnado.
- A entrevista.
- As técnicas estandarizadas.

✚ Técnicas de traballo para a orientación dirixidas ao grupo-clase :

- Dinámica de grupos (mesa redonda, debate, philips 66, seminario, choiva de ideas, role-playing, sesión de tribunal, etc.). Estas estarán adaptadas as normas que nos impón o COVID-19.
- Sociograma.

✚ Técnicas de traballo para a orientación dirixidas ao centro educativo:

- Utilización de materiais curriculares para a orientación educativa.
- Programas específicos para a acción titorial.
- Asesoramento e formación do profesorado e familias.
- Entrevistas coas familias.

6.4 Estratexias de intervención.

As estratexias da intervención do departamento de orientación, tal e como xa detallei na introducción, vaixe caracterizar por ser proactiva, grupal, interna e indirecta, sen renunciar a actuacións de carácter máis puntual e individualizadas cando sexa preciso. Por conseguinte, para acadar os obxectivos que nos plantexamos, a planificación e desenvolvemento desta tarefa levarase a cabo en estreita colaboración cos órganos de coordinación e goberno do centro.

- **No caso do profesorado: levaremos a cabo actuacións.**
 - Que coordinen o desenvolvemento da actividade educativa e orientadora.
 - Para traballar co alumnado no horario semanal adicado a titoría e para a atención neste horario ao alumnado e as familias neste tempo e no tempo de atención as familias.
 - Para a difusión, análise, valoración e toma de decisións sobre as actuacións levadas a cabo.
- **Co alumnado**

A estratexia de intervención será coherente cos principios establecidos para o proceso de ensino-aprendizaxe: funcionalidade, significatividade, interactividade, aprender a aprender... Así como o asesoramento individualizado para aquel alumnado que sexa derivado polo profesorado, sexa detectado pola orientadora ou porque el mesmo o demande...

▪ **Coas familias**

A comunicación coas familias neste curso realizarase preferentemente polos seguintes medios:

- Teléfono
- Videoconferencia.
- Abalar Móbil.

Cando sexa imprescindible a realización de reunións presenciais, adoptaremos as seguintes medidas.

- Realizaranse esta modalidade de reunión cando sexa posible cumprir coas normas de protección e o aforo non supere o aforo máximo permitido.
- Asistirán a reunión o menor número de persoas necesarias e recomendarase expresamente gardar os turnos de palabra, ser precisos e concretos no uso da mesma.
- Tamén se lles indicará aos asistentes a conveniencia de tocar o imprescindible.
- A orientadora evitará compartir material coas persoas que acudan ao despacho. No caso de ter que compartilo será desinfectado antes do uso da outra persona e posteriormente.
- Procurarase dixitalizar a maior parte de documentos para minimizar a manipulación de documentos en formato papel.
- Ao finalizar a reunión, a orientadora procederá a realización da limpeza dos obxectos e superficies utilizados durante a mesma.

7-RECURSOS

Os recursos empregados serán aqueles dos que dispoña o centro, tanto materiais como persoais e de espazo, podendo acudir a axentes externos cando así o requira a actuación demandada ou programada, procurando sempre un rendemento óptimo e o mellor aproveitamento dos recursos existentes.

7.1- HUMANOS

- Equipo directivo.
- Equipo COVID-19.
- Equipo docente
- Claustro de profesores
- Titores/as.
- Departamento de Orientación.
- Familias
- Axentes externos. (SERVIZO DE INSPECCIÓN, E.O.E, CEFOR, SERVIZOS SOCIAIS, SERVIZOS SANITARIOS, SERVIZO GALEGO DE COLOCACIÓN, CENTRO DE INFORMACIÓN A MULLER DE PALAS...).

7.2-MATERIAIS.

- Mobiliario do Departamento de Orientación.

- Fondos bibliográficos do Departamento de Orientación. Destacar como recurso de apoio, para o desenvolvemento das actuacións da programación incluídas no ámbito da acción titorial, o programa de Educación Responsable da Fundación Botín.
- Equipo informático con acceso a internet.
- Correo electrónico.
- Abalar móbil.
- Aula virtual: O departamento de Orientación creou na aula virtual dous cursos, un curso para os titores/-as nos que se colgarán todos os recursos e materiais para o desenvolvemento das actividades a realizar polos titores/-as na hora de titoría grupal e outro para o Departamento de Orientación para que o alumnado poida ter acceso a materiais e recursos, non só de maneira presencial, senón de maneira telemática, garantindo deste modo a continuidade da actividade orientadora ante os eventuais escenarios que se poidan presentar ao longo do curso. O seu funcionamento será explicado ao alumnado nas primeiras semanas de curso.
- Plataforma Cisco webex para a realización de videoconferencias. Estas realizaranse previa planificación coas persoas interesadas.
- Recursos de uso común do centro.
- Presuposto do departamento de orientación
- Baterías de probas psicopedagóxicas:
 - *Escala de intelixencia
 - *Escala de aptitudes
 - *Escala de intereses
 - *Escala de personalidade
 - *Técnicas de entrevista
 - *Cuestionarios, enquisas e inventarios varios.
 - *Para a avaliación psicopedagóxica colectiva: BAT 7.
 - *Para a avaliación da linguaxe: Bloc Screening.
 - *Para as análises de grupo: o test sociométrico
- *Para a intervención cos grupos: técnicas de dinámica do grupo: discusións en pequenos grupos, remuíño de ideas, mesas redondas,...
- *Para os problemas de personalidade e comportamento: Proba psicopedagóxica SENA, as técnicas de modificación de conduta.
- *Técnicas de asesoramento individualizado ós pais e nais e ós alumnos e alumnas
- *Outras: charlas informativas xerais, visitas, redacción de informes, elaboración de material,...
- Protocolos da Consellería:
 - Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 dos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022.
 - Protocolo de prevención da transmisión da COVID-19 para o alumnado con necesidades educativas especiais para o ámbito educativo.
 - Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia
 - Protocolo acoso e ciberacoso.
 - Protocolo protección de datos.
 - Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e a adolescencia nos ámbitos educativo e sanitarios.
 - Adenda diabete
 - Protocolo atención educativa e domiciliaria.
 - Protocolo urxencias sanitarias e enfermidade crónica.
 - Protocolo para a atención ao alumnado con síndrome de Down e ou discapacidade intelectual.

- Protocolo de tratamento educativo do alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA).
- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.
- Protocolo identidade de xénero.
- Protocolo para a atención educativa do alumnado con discapacidade auditiva.
- Protocolo para a atención educativa do alumnado con altas capacidades intelectuais.

- Páxinas web:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmonterroso/>
<http://www.edu.xunta.es>
<http://www.edu.xunta.es/fp>
<http://www.edu.xunta.es/portal/web/temáticos.jsp>
<http://www.edu.xunta.es/contidos/portal/php/diversidade.php>
<http://www.ciug.cesga/actualización7index.htm>
<http://www.mec.es>
<http://www.traballo.xunta.es>
www.discapnet.es
www.orientared.es
www.educaweb.com
www.asesoramentoprofesional.org
 Programas informáticos:ORIENTA

7.3- RECURSOS ORGANIZATIVOS

Os horarios que se establecen a continuación son os establecidos tanto para un escenario presencial como virtual.

- **Reunión do D.O.** : martes 10:25-10:45
- Hora de titoría grupal: ESO**

Curso		Hora
Primeiro	1º ESO A	Xoves 8:10-9:10
	1º ESO B	Venres 11:20-12:10
Segundo	2º ESO A	Xoves 13:35-14:25
	2º ESO PMAR	Martes 13:35-14:25
Terceiro	3º ESO A	Venres 10:00-10:50
	3º ESO B	Luns 11:35-12:25
	3º PMAR	Xoves 11:35-12:25
Cuarto	4º ESO A	Martes 8:20-9-10

FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA.

1º curso	Martes 8:20-9-10
2º curso	Martes 8:20-9-10

No horario de titoría grupal para os diferentes grupos da ESO e FPB no caso dun ensino virtual o/a titor/-a e a orientadora estarán dispoñibles neste horario para a atención as dificultades e consultas do alumnado mediante a realización de ser posible dunha videoconferencia, previa comunicación para concretar a data e hora, e tamén para a comunicación por correo electrónico.

- Reunións cos órganos de goberno e coordinación docente.**

-Sesiões de avaliación. Trimestralmente

-Reunións de titores/-as.

Curso		Horarios
Primeiro	1º ESO A	Martes 11:35- 12:25
	1º ESO B	Xoves: 11:35- 12:25
Segundo	2º ESO A	Martes 10:45-11:35
	2º ESO PMAR	Luns 11:35-12:25
Terceiro	3º ESO A	Mércores 9:10- 10:25
	3º ESO B	Martes 10:45-11:35
	3º PMAR	Mércores 12:45-13:35
Cuarto	4º ESO A	Venres 11:20-12:10
1º	FPB	Mércores 10:45-11:35
2º	FPB	Xoves 11:35-12:25

Este horario é o que se manterá tanto para un escenario presencial como virtual.

-Hora de atención familias: Xoves 12:45-13:35

A orientadora estará dispoñible neste horario nun ensino virtual para a atención, de ser posible, mediante a realización de videoconferencias, previa comunicación para concretar a data e hora, a través do correo electrónico.

8-TEMPORALIZACIÓN DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS

1º TRIMESTRE

- Constitución do Departamento de orientación.
- Revisión do Libro de Actas, memoria... para a actualización, e adaptación, das liñas xerais da programación.
- Redacción do plan de orientación para o actual curso académico.
- Elevar a CCP un informe das necesidades educativas transitorias e permanentes do alumnado no presente curso, con motivo de introducir nas programacións didácticas as medidas curriculares e organizativas que mellor responden a ditas necesidades.
- Asesoramento na CCP das pautas para a realización da avaliación inicial, según o establecido nas instrucións do 17 de xuño de 2021, en relación as medidas que se deben adoptar no curso académico 2021-2022
- Colaboración cos equipos docentes no proceso de avaliación inicial, mediante a aplicación dunha proba psicométrica de aptitudes, que nos permita valorar o nivel de desenvolvemento de habilidades e destrezas que posúe cada alumno a nivel verbal, a nivel numérico, en razoamento, no dominio da ortografía, o nivel de atención e concentración....e así poder obter unha información global das potencialidades e dificultades de cada alumno, para tomar as decisións sobre as medidas de apoio, reforzo e recuperación, que se consideren oportunas para cada alumno, coa finalidade de facilitar o progreso dos alumnos o longo da etapa.
- Asesoramento psicopedagógico ao profesorado na elaboración das programacións didácticas, nos aspectos recollidos nas instrucións do 17 de xuño de 2021, en relación as medidas que se deben adoptar no curso académico 2021-2022.
- Entrega o profesorado dunha folla para a solicitude de avaliación psicopedagóxica.
- Reunións co equipo docente daqueles/-as alumnos/-as para os cales e preciso elaborar, modificar a adaptación curricular significativa.

- Elaboración dun cuestionario para a valoración das actividades de titoría e introducir as modificacións que se estimen oportunas.
- Colaboración coa comisión de coordinación de avaliación de diagnóstico.
- Análise da situación inicial dos diferentes grupos (recollida de datos, detección de necesidades...).
- Potenciación dunha consciencia colectiva de prevención das situacións de acoso e ciberacoso, mediante o establecemento dunhas normas mínimas de convivencia de todo membro da comunidade ten que cumprir.
- Realización do seguemento do proceso educativo das diferentes medidas de atención a diversidade: RE, ACS, APOIOS, PMAR
- Organización dos apoios e horarios tendo en conta os seguintes criterios: orixe das necesidades educativas especiais, estilo de aprendizaxe do alumnado, características persoais, horario do grupo de referencia.
- Entrevista coa familia do alumnado que presenta necesidades educativas específicas de apoio educativo para informalos sobre o procedemento do reforzo.
- Seguemento do alumnado que reciben apoio por parte da mestra de pedagogía terapéutica.
- Elevar propostas os órganos de goberno e coordinación docente, actualización de documentos, proposta de actividades complementarias no caso de que se poidan adaptar as normas do COVID-19.
- Elaboración da información a transmitir o alumnado e as familias sobre as funcións do D.O.
- Adquisición de materiais para o departamento.
- Atención directa as demandas de profesorado, alumnado e familias.
- Realización das avaliacións psicopedagóxicas do alumnado que o precise e redacción do correspondente informe.
- Elaboración dun cronograma sobre as actividades de titoría.
- Dinamización do programa de acollida que cobra unha maior intensidade neste trimestre.
- Dinamización dos programas de prevención de dificultades de aprendizaxe e do programa de técnicas e estratexias de aprendizaxe que se desenvolverán o longo do curso.
- Deseño de cuestionarios para o seguemento dos programas.
- Establecemento de mecanismos de coordinación para as conmemoracións realizadas neste trimestre.
- Adquisición de materiais de distinto tipo para as actividades de apoio para o alumnado que presenta necesidades educativas específicas de apoio educativo e dificultades de aprendizaxe

2º TRIMESTRE.

- Valoración dos resultados obtidos na primeira avaliación e posta en marcha de medidas para responder a ditas necesidades.
- Recollida de datos, análise, valoración e toma de decisións sobre novas medidas de atención a diversidade para o vindeiro curso.
- Continuar coa dinamización dos programas iniciados no 1º trimestre.
- Iniciación da dinamización dos programas de orientación vocacional e de mellora da competencia social e da convivencia escolar.
- Elaboración, adaptación e difusión de materias para o desenvolvemento dos programas.
- Adquisición de materiais de distinto tipo para as actividades de apoio para o alumnado que presenta necesidades educativas específicas de apoio educativo e dificultades de aprendizaxe.
- Aplicación de cuestionarios e probas de intereses profesionais.

- Realización das avaliacións psicopedagóxicas do alumnado que o precise e redacción do correspondente informe
- Deseño de cuestionarios para o seguemento dos programas
- Elevar propostas os órganos de goberno e coordinación docente
- Realización do seguemento do proceso educativo das diferentes medidas de atención a diversidade: RE, ACS, APOIOS, PMAR.
- Presentación dun cronograma os titores sobre as actividades a levar a cabo.
- Preparación de probas psicopedagóxicas no caso que se precise
- Actualización do banco de datos do D.O no tocante a información relacionada coa vertente vocacional.
- Atención directa as demandas de profesorado, alumnado e familias.
- Establecemento de mecanismos de coordinación para as conmemoracións realizadas neste trimestre.

3º TRIMESTRE.

- Valoración dos resultados obtidos na primeira avaliación e posta en marcha de medidas para responder a ditas necesidades.
- Continuar cos programas iniciados nos trimestres anteriores.
- Presentación os titores dun cronograma sobre as actividades a levar a cabo nas horas de titoría.
- Atención directa a alumnado, familias e profesorado que o demande.
- Elaboración de guías informativas para o alumnado de 6º de primaria, para os distintos cursos de ESO e para o alumnado de Bacharelato.
- Adquisición de materiais de distinto tipo para as actividades de apoio para o alumnado que presenta necesidades educativas específicas de apoio educativo e dificultades de aprendizaxe.
- Realización das avaliacións psicopedagóxicas do alumnado que o precise e redacción do correspondente informe
- Realización do seguemento do proceso educativo das diferentes medidas de atención a diversidade: RE, ACS, APOIOS, PMAR.
- Atención directa a pais/nais, profesores e alumnos.
- Charla informativa as familias do alumnado de 6º de primaria, ESO e bacharelato.
- Preparación de probas psicopedagóxicas no caso que se precise.
- Realización do seguemento dos programas así como a avaliación final.
- Participación nas sesións de avaliación final.
- Proposta de planificación de medidas curriculares e organizativas de atención a diversidade para o vindeiro curso
- Entrega de documentación e asesoramento os titores para realizar o informe de medidas de atención a diversidade.
- Entrevista cos pais para informalos das medidas de atención propostas para o seu fillo e solicitar o seu consentimento
- Realizar o inventario do D.O.
- Realizar a memoria do D.O

A avaliación do plan de apoio ten carácter formativo, polo que contempla momentos distintos pretendendo así favorecer unha avaliación global:

- a) Avaliación inicial: recollida de datos para a detección de necesidades a través de: suxerencias aportadas nas reunións do departamento, dos órganos de goberno e coordinación docente, aplicación de distintos instrumentos...
- b) Avaliación continúa Trátase do seguemento da implementación do plan de apoio, a partir da reunión cos profesores tutores, reunión do propio departamento...
- c) Avaliación final: esta avaliación recollerá información de todos os participantes no deseño e posterior implementación do plan, para elo teremos en conta os datos aportados por: membros do departamento, tutores e profesorado, alumnado, familia...

9.1.- **Instrumentos** para a recollida de datos

- Análise de documentos.
- Diarios de aula.
- Cuestionarios.
- Entrevistas.
- Intercambios orais.
- Observación participante e rexistrada.

9.2.- **Indicadores** de calidade

Como indicadores de calidade do Plan de orientación e polo tanto como criterios de avaliación imos considerar os que se establecen nas seguintes táboas en relación a organización e funcionamento do D.O e para os distintos ámbitos de actuación:

A) ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO D.O.

	ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO D.O		
	Aspectos positivos	Dificultades detectadas	Propostas de mellora
Grao de satisfacción co funcionamento e aportación personal			
Reunións: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Frecuencia ▪ Eficacia -Interés dos temas tratados. -Oportunidade dos acordos tomados. -Posta en práctica dos acordos. -Resultados dos acordos.			

B) ACCIÓN TITORIAL.

	ACCIÓN TITORIAL
--	------------------------

	Aspectos positivos	Dificultades detectadas	Propostas de mellora
Relevancia de información cara a coordinación das sesións de avaliación.			
Relevancia das temáticas, propostas para o seguinte curso.			
Idoneidade das actividades			
Adecuación de materiais e recursos.			
Adecuación da temporalización			
Participación de axentes externos.			

C) ORIENTACIÓN VOCACIONAL.

	ORIENTACIÓN VOCACIONAL		
	Aspectos positivos	Dificultades detectadas	Propostas de mellora
Relevancia dos contidos			
Idoneidade das actividades			
Adecuación de materiais e recursos			
Adecuación da temporalización			
Participación de axentes externos.			
Apoio para a elaboración dos informes do consello orientador			

D) ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

	ATENCIÓN Á DIVERSIDADE		
	Aspectos positivos	Dificultades detectadas	Propostas de mellora
Idoneidade do proceso de identificación de necesidades			
Apoio para a coordinación da avaliación inicial			
Organización das medidas (apoio dentro da aula,			

exención de francés, agrupamento específico, PMAR...)				
Grao de satisfacción coa eficacia das medidas e valoración dos resultados				
Celeridade entre as demandas realizadas e as respostas.(demandas de aplicación de probas)				
Dotación de recursos para a aplicación das medidas de atención á diversidade				
Adecuación de recursos.				
Dificultades no desenvolvemento das medidas.				
Aula de apoio	Ratio do alumnado atendido na aula de apoio			
	Coordinación e seguemento co profesorado das materias na aplicación e seguemento das ACI			
	Coordinación e seguemento co profesorado das materias na aplicación e seguemento das ACI			
	Satisfacción do alumnado que asiste a aula de apoio			
Intervencións realizadas por axentes externos. E,O.E.				

Despois das avaliacións do terceiro trimestre, o DO elaborará unha Memoria na que reflectirán:

- As modificacións introducidas no desenvolvemento do plan.
- As dificultades topadas no desenvolvemento do plan.
- A valoración do grao de consecución dos obxectivos propostos.
- A viabilidade, avaliabilidade, implementación e desenvolvemento do Plan.

En Monterroso a 13, de setembro de 2021

A xefa do Departamento de Orientación.

Asdo.: Rocío Calvo Osorio

ANEXOS

TÁBOA DE VINCULACIÓNS ENTRE AS COMPETENCIAS CRAVE E OS PROGRAMAS DO PLAN ANUAL DE ACTUACIÓN. (Etapa ESO).

	Competencia en comunicación lingüística	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxías	Competencia dixital	Competencia Aprender a aprender	Competencia Sociais e Cívicas	Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor	Competencia en conciencia e expresións culturais
Programa de acollida e integración					✓		
Programa de mellora da competencia social e a convivencia escolar					✓		
Programa de desenvolvemento personal e emocional					✓		
Programa de orientación vocacional			✓			✓	
Programa de prevención	✓	✓		✓			

de dificultades de aprendizaxe							
Programa sobre técnicas e estratexias de aprendizaxe e apoio o estudo.				✓			